

Avelino González

Fixéronme en Vigo no ano 62 (que foi tamén o ano no que me naceron) do século pasado.

Cando suspendín selectividade a primeiros dos anos oitenta tiña a opción de mergullarme na movida viguesa ou ir facer teatro cuns amigos e veciños. Estes últimos quedaban máis preto. E ata agora.

Como non se trata de facer que se sinta vello quen lea isto, resumir en que fixen de todo neste eido de traballar no espectáculo, entre cargar escenografías e ver espectáculos, polo medio actúo, dirixo, traduzo, conto, dobro películas, poño cafés ... o que faga falta.

Ó ultimo que fixen en teatro foi

“Apaga o candil” de Contraproducións

“O mel non caduca” de Ibuprofeno Teatro, dirixido por Sante Cortegoso, onde fago de todo e ademais actúo

“Guerra de Identidade” de DeUve, que dirixín.

“Commedia, un xoguete para Goldoni” dirixido por Cándido Pazó para Contraproducións, onde fago de Brighella

Fago cine e saio na tele en

“Cuñados” de Portocabo

“Padre Casares” da TVG

“Seis Hermanas” da TVE1

“Serramoura” da TVG

...

E conto contos, historias, monologues... De Polonia a Cuba, de Inglaterra a Cádiz, dende o ano 99 e ata a fin dos tempos.

Polo camiño fago obradoiros de teatro, radioteatro, podcasts, etc. Todo é contar cousas bonitas.

Para máis cousa: <https://avelinogonzalez.gal/>